

F. Dubert / X. Sousa (2002): “Áreas lexicais galegas e portuguesas. A proposta de Cintra aplicada ó galego”, en R. Álvarez / F. Dubert / X. Sousa (eds.): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 193-222.

---



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

## ÁREAS LEXICAIS GALEGAS E PORTUGUESAS. A PROPOSTA DE CINTRA APLICADA Ó GALEGO

*Francisco Dubert García e Xulio Sousa Fernández*

Instituto da Lingua Galega. USC

No ano 1962, Cintra publica unha investigación sobre as áreas léxicas dialectais no portugués continental (neste traballo citarémola pola edición de 1983). Para emprender este estudio, escolleu oito conceptos que polo seu ámbito de uso non se visen influídos pola forza homoxeneizadora da lingua común; seis están relacionados coa cría do gando: ‘mugir’, ‘ubre’, ‘soro’, ‘fêmea esteril’, ‘cria da ovelha’ e ‘cria da cabra’; e os dous restantes con ámbitos semánticos distintos: ‘queixo’ e ‘maçaroca’. Coa excepción de ‘maçaroca’, os obxectos denominados gozan dunha pervivencia moi delongada na historia da cultura portuguesa: os nomes referidos ás partes do corpo son tomados sempre como aqueles para os que se supón unha maior permanencia na historia das linguas, entre eles está *queixo*; e a cría de gando bovino, ovino e caprino dátase na Península desde tempos remotos. Sen embargo, o millo chegou á Península a finais do século XVI (véxase a contribución de Rosario Álvarez neste volume).


As conclusións tiradas deste traballo permitíronlle a Cintra establecer unha distribución de áreas lexicais que aínda hoxe segue nos manuais de lingua ou de dialectoloxía do portugués continental. Cintra soubo extraer interesantes ensinanzas do seu estudio, de entre as que cabe destacar a coincidencia da distribución léxica coas áreas de avance da Reconquista e coas zonas que recibiron un maior influxo árabe. Ademais disto, as isoglosas que sinalan os lindes das áreas léxicas coinciden coas isoglosas doutros fenómenos lingüísticos, co que a división do territorio portugués en dúas áreas (dialectos setentrionais e dialectos centromeridionais) se ve afianzada e resulta máis significativa.

Dando por boas as razóns coas que Cintra xustifica a escolla dos oitos conceptos con que traballa, decidimos acometer un estudio similar no territorio galegófono. Os nosos obxectivos fundamentais son dous: primeiro, comprobar se o estudio da distribución das denominacións deses conceptos permite reconecer áreas lexicais dentro do dominio galego; e segundo, comprobar se as falas galegas manteñen continuidade coa área que Cintra localiza no norte de Portugal. Para acometer este noso estudio e para realizar os nosos mapas, empregamos fundamentalmente os materiais inéditos do *ALGa*. Ó pé dos mapas que cartografan as respostas do *ALGa*, tamén pre-

sentamos, para facilitarlle ó lector o contraste entre os datos galegos e portugueses, os mapas que Cintra realizou no seu traballo.

### 1. *Muxir*


No seu traballo, Cintra recolle as seguintes denominacións portuguesas do concepto 'muxir': *moger ~ monger ~ munger*, *mugir ~ mungir ~ mongir*, *ordenhar* e *amojar ~ mojar*, convén sinalar que nalgúns puntos do territorio portugués o concepto de 'muxir' tamén pode expresarse a través dunha variante analítica: *tirar o leite* (véxase Mapa 1a).



Mapa 1a

Pola súa parte, a pregunta do cuestionario do *ALGa* correspondente a este concepto é a número 1648; o cartografado no Mapa 1b das respostas recollidas móstranos que o conxunto maioritario de significantes que expresan o significado 'tirarlles o leite ás vacas, ovellas e cabras' está constituído por unha serie de cognados descendentes da palabra latina *MŪLGĒRE*. No Mapa 1b agrupamos as formas básicas rexistradas baixo as lendas *muxir*,

*munxir*, *muquir*, *munguir*, *monxer*, *mocer* e *moncer*. Ó revés do que pasa no territorio portugués, non se rexistra *ordeñar*. Algúns puntos da costa pontevedresa, pola súa parte, ofrecen diversas formas analíticas: *quita-lo leite* cabo de *muxir* en P.12, *saca-lo leite* en P.13, *tirarlle o leite* a carón de *menxer* (menos usado) en P.18, *tirar o leite* en P.21 e *monxe-las vacas* pero *tirarlle o leite ás cabras* en P.26.



Mapa 1b

Verifícase, pois, nas falas iberorrománicas do norte da Península unha continuidade no uso dos descendentes de MÜLGĒRE, dos que Cintra nos di

1 Baixo a lenda *muxir* agrupamos [muʃir] coas variantes [muʃir] de C.17, C.21, C.27, C.29, C.33, C.38, C.41 e C.43; [muʃir] de C.22 e C.34; [muʃir] ~ [muʃir] ~ [muʃir] de C.45 e C.48; [muʃir] de C.31; [muʃir] ~ [muʃir] de Z.3; [moʃir] de L.29, L.32 e O.9; [moʃir] e [muʃir] de Z.2. Baixo a lenda *monxer* integramos [mõŋʃer] coas variantes [mẽŋʃer] de P.18, [mẽŋʃer] de P.22, [mowʃer] de P.24 e [mõŋʃer] ~ [mõŋʃer] de P.28. Baixo a lenda *mocer* sometemos [moʃer] e as formas [meʃer] de A.1, A.2 e A.4.

que están “só conservado[s] na Península Ibérica (ora sob a forma de representantes de MULGERE, ora de EMULGERE) numa zona periférica (catalão, algúns dialectos aragoneses e castelhanos da montanha de Santander, asturiano, galego)” (Cintra: 63-64). A presenza destes restos de MÜLGÈRE no galego e no portugués non constitúe, pois, un trazo definidor que permita agrupar estas dúas linguas históricas fronte ás outras falas iberorrománicas, senón que é un trazo que agrupa as falas do norte de Portugal e o galego coas do norte románico peninsular; de por parte, a presenza de *ordenbar* no leste e centro e sur de Portugal tórnase nun trazo compartido cos dialectos do centro da Península, pois *ordenbar* entrou en Portugal “através da fronteira política” (Cintra: 64).

Cómpre, en todo caso, sinalar a existencia dun *amoxar* ‘muxir’ na Mezquita, cognada da portuguesa *amojar* que Cintra (p. 61) recolle “em via de desaparecimento” en dous puntos portugueses; e doutro *amoxar* “crecer la ubre de la vaca algún tiempo antes de parir” tamén na Mezquita e en Porto-Zamora, relacionado co *amojar* portugués ‘encherse de leite o peito’ (Santamarina 2001, s.v. *amoxar*).

A presenza de *amoxar* ‘muxir’ en galego podería descartar unha hipótese de García de Diego, apoiada por Cintra, de que o portugués *amojar* ‘muxir’ pode resultar dun cambio de conxugación de *mugir*~*moger* baixo a influencia de *ordeñar*:

Piel [...] aduce el ant. port. *amojar* ‘ordeñar’ y el brasil. *mojar* ‘id.’ con el nombre *amojo* ‘dureza del pecho o ubre’. La duda está en si *amojo* es deverbativo de \**amogir*, y *amojar* es denominativo de *amojo*, o *amojar* se ha producido de \**amogir* por influjo de otro verbo como *ordeñar* (véxase DEEH, s.v. EMÜLGÈRE).

A razón é clara: no territorio galego non existen os *ordeñar* que expliquen os *amoxar* ‘muxir’ (e o *amojar* recollido por A. Otero, véxase Santamarina 2001) galegos. Ademais, os *amojar* ‘muxir’ portugueses aparentan non ter na actualidade continuidade xeográfica cos *amoxar* ‘muxir’ galegos, polo que resulta tamén difícil aceptar a posibilidade de préstamo interdialectal. Do mesmo xeito, estes rexistros de *amoxar* ‘muxir’ galegos tamén parecen invalidar a hipótese máis complexa de Cintra (pp. 61-65), que aposta por derivar o *amojar*<sub>1</sub> ‘encherse de leite o peito’ do portugués de *amojo* ‘ubre, teta’ e por derivar *amojar*<sub>2</sub> ‘muxir’ (conforme a García de Diego) do cruce de *mugir* ~ *moger* con *ordenbar*. Esta é unha hipótese complexa que esquece os habituais corrementos metonímicos: nos significado de *amojar*<sub>1</sub> e de *amojar*<sub>2</sub> está presente a idea do leite e na referencia está presente o *ubre*. Baste sinalar como reforzo que C. García móstranos que existen un galego *aubrar* e outro *ubrar* ‘crecerlle o ubre á vaca pouco antes de parir’, provenientes de *ubre* (véxase Santamarina 2001 s.v. *aubrar*). Todos estes feitos xuntos poderían avalar a

hipótese máis simple de Piel (1953), para quen *amojar* é derivado deverbal de *amojo*, e este derivado de *moger* ~ *mugir*.

Piel	<i>amogir</i> > <i>amojo</i> > <i>amojar</i>
García de Diego	<i>amogir</i> > <i>amojar</i> (influxo de <i>ordenbar</i> ) > <i>amojo</i>
Cintra	<i>amogir</i> > <i>amojar</i> <sub>2</sub> ‘muxir’ (vía <i>ordenbar</i> ) <i>amogir</i> > <i>amojo</i> > <i>amojar</i> <sub>1</sub> ‘encher-se de leite o ubre’

Sen embargo, tamén cómpre tomar en consideración outras propostas. Dun lado, Machado (véxase DELP, s.v. *amojar*) deriva *amojo* e *amojar* de *apojo* e *apojar*, sendo *apojo* deverbal de *apojar*, evolución do latín \*APPUDIARE, de PODIUM ‘pedestal’: “do sentido de «subir (ao pedestal)» saíu o de «crescer» e, depois, «encher, entumescer» em referencia às velas dos barcos e aos úberes”<sup>1</sup>. Machado non explica o cambio /p/ > /m/, que quizais podería atribuírse á influencia de *moger* ~ *mugir*. A. Otero deriva de PULSARE o *apojar* “hacer bajar la leche de las reses, golpeándoles la ubre” recollido en Campo-verde, eliminando unha relación con *amojar* ~ *amoxar*; C. García tamén ofrece *apoxa* en Cabalar, *apochada* en Laxe, *apoxo* en Razo, *apuxa* ~ *puxa* ~ *puxada* ~ *puxo* ~ *repuxón* en Santiago de Compostela, *sopexo* en Monterroso, *zopexa* “golpe que da el ternero contra la ubre de la vaca para que baje la leche” na Gudiña, *puxas* “mamas de la cerda” en Santiago de Compostela, *apoxar* en Cabalar, Santaia e Santiago de Compostela e *puxar* “golpear el ternero la ubre de la vaca para que baje la leche” en Sobrado (véxase Santamarina 2001). Como vemos, a cuestión é complicada e non se poden descartar diversos tipos de cruzamentos, aínda que hoxe en galego as formas con /p/ tenden a significar regularmente ‘provocar a saída do leite a través de golpes’, mentres que as formas con /m/ tenden a significar ‘muxir’ ou ‘inchar o ubre’.

Pola súa parte, para explicar os diferentes resultados de MÛLGÈRE no territorio galegófono cómpre ter en conta tres aspectos:

a) A ausencia/presencia dun segmento nasal trala vocal radical e antes da consoante radical, o que permite comprobar a existencia de alternancias do tipo *muxir* ~ *munxir*. Aparece o incremento nasal sobre todo nas falas da zona centro-occidental do sur de Galicia e nas falas dalgúns áreas máis ou menos compactas do norte da provincia da Coruña e de Lugo.

1 Machado (véxase DELP) ofrece *apojadura* e *amojadura* co significado de “força do leite no seio materno”; compárese con Carré *apoxadura* “afluencia excesiva de leche al pecho de las mujeres”, *apoxar* “llenarse el pecho de leche” e *apoxo* “primera leche de la hembra recién parida” (véxase Santamarina 2001). DCECH tamén rexistra *apoyadura* ou *apoyo* “raudal de leche” en varios textos casteláns; véxase *apoyo* e *apoyadura* no diccionario da RAE; véxase tamén *apojadura*, *apojado*, *apojar*, *apojo*, *amojar*, *amojo* e *amojado* no diccionario de Cândido de Figueiredo (1899).

b) A forma que toma a consoante radical, xa que ou ben xorden consoantes coronais sibilantes coma [ʃ, ʂ, ʐ, ʒ], descendentes dunha antiga postalveolar fricativa sonora (véxase Fernández Rei 1990); ou ben aparece no galego nororiental unha consoante coronal dental [θ], descendente dunha antiga africada dentoalveolar; ou ben encontramos consoantes dorsais sonoras ([g, ŋ]) que se deben agrupar por motivos históricos con outras consoantes glotais coma [h] e con fricativas dorsais xordas coma [x]<sup>1</sup>. Como se pode supor, a distribución dialectal de cada unha das consoantes radicais débese a un antigo nivelamento analóxico que non tódolos dialectos realizaron do mesmo xeito: unhas falas estenderon a toda a conxugación unha raíz rematada en /3/, que en principio só aparecía ante as vocais anteriores, e outras falas estenderon a raíz complementaria rematada en /g/, que ó primeiro só aparecía ante as outras vocais. Deste modo, as alternancias tipo *munxir* e *munguir* son paralelas ás do tipo *tanxer* ~ *tanguer* (véxase Santamarina 1974: 38-39). No portugués non parecen rexistrarse descendentes de MÜLGÈRE con consoante dorsal do tipo *muquir* ~ *munguir*; estas formas parecen ser só galegas e ocupan o suroeste de Lugo, o centro de Ourense e o surleste de Pontevedra.


c) O vocalismo morfofonolóxico do tema: vocal radical alta harmonizada en altura coa vocal temática da CIII (que tamén é alta) ou vocal radical media alta harmonizada en altura coa vocal temática da CII (que tamén é media alta). No mapa galego é salientable que as formas co vocalismo morfofonolóxico máis arcaico, i.e., o que liga vocal radical media alta coa vocal temática da CII, aparezan no galego de Asturias e áreas colindantes (L.16, L.19 e L.23) e no recuncho suroccidental da provincia de Pontevedra (Áreas Fragoso-Morrazo e Tudense de Fernández Rei 1990); como é xa notorio, estas áreas comparten outros moitos trazos (*tu teís* ‘ti tes’ ou *cuatro* ‘catro’). A aparición da vocal radical alta harmonizada coa vocal temática da CIII ocupa todo o resto do territorio. De por parte, parece existir unha continuidade imperfecta deste trazo coas falas portuguesas do norte a través do suroeste pontevedrés.

En canto á forma *muñir* de Le.5 só nos cabe dicir que debe ser considerada leonesa (o *ALCL*, Mapa 884, sinala que *ordeñar* é a “palabra general” en Castela-León para o concepto ‘muxir’, salvo en Le 100-303, 501, onde se recolle *muñir*; en Za 102, onde aparece *muxir* [mu'fjir] ~ [mu'zir]; e en Le 306, onde se atopa *musir*).

1 É evidente que a razón deste agrupamento establécea a presenza/ausencia de gheada, pois todas estas consoantes son resultados modernos dunha antiga consoante oclusiva velar sonora.

## 2. Ubre


As formas portuguesas presentadas no traballo de Cintra para denominar o concepto 'ubre' son *ubre* ~ *úbere* no noroeste e *amojo* ~ *mojo* ~ *amonjo* no resto (véxase Mapa 2a). Segundo nos mostran as respostas á cuestión 1593 do *ALGa*, a denominación en galego máis común para o concepto 'ubre' é *ubre*, pois ocupa practicamente todo o territorio galegófono; salvo en O.13, onde alternan *o ubre* e *a ubre*, e en Le.4, onde aparece *a ubre*, esta palabra presenta case sempre xénero masculino (véase Mapa 2b). Como é sabido, a forma *ubre* provén da latina de xénero neutro *ŪBER*: “apenas o castelhano, o portugués e algúns dialectos italianos setentrionais, réticos e franceses de leste mantiveram esta designação” (Cintra: 65).



Mapa 2a

No centro mesmo de Galicia, nomeadamente en C.32, C.36, L.28 e P.2, aparece *cocho* [koʃo]; en O.11 aparece *cochorro* [koʃoro]. C. García ofrécenos *cocho* 'ubre' en terras de Melide, Sobrado, Oirós, Monterroso; *cochorro* en Castro Caldelas; *acochar* 'crecer o ubre da vaca algún tempo antes de parir' en Santiago de Compostela. E. Rivas recolle *cochorro* 'ubre' en Taimende-Ou-

rense (véxase Santamarina 2001). Fernández González (1981: 246) recolle *cochigo* “primera leche después de parir la vaca” nos Ancares de León. No *DBA* aparece *coxa* ‘ubre’ e *coxada* “ubre abultada por la leche” en Colunga como formas do bable central. Quizais exista unha relación, probablemente discutible, entre estas formas e outra *coxso* que E. Rodríguez define como “nombre que se da en algunas comarcas orensanas a una erupción granular cutánea”, Carré como “nombre general comprensivo de varias enfermedades de la piel como erisipela, herpes, erupciones furunculosas” e C. García como “erupción cutánea” (véxase Santamarina 2001).



Mapa 2b

Nos datos do *ALGa* aparece tamén unha forma *remollo* [re'moʃo] ~ [re'moʎo] nos puntos asturianos de fala galega (fóra de A.7) e en L.13, L.16, L.19 e L.27 (neste último punto, *remollo* encóntrase a carón de *ubre*). A. Otero recolle *remollo* ‘ubre’ en Barcia; C. García ofrécenos *remollada* “cantidad de leche que la vaca alberga en la ubre” en Laxe, Santiago de Compostela, Ce-

dofeita, Burón e Suarna e *remollo* ‘ubre’ en Cedofeita, Burón e Suarna; tamén Carré introduce *remollo* ‘ubre’ no seu dicionario (véxase Santamarina 2001). Finalmente, o *DBA* documenta *remoyo* e *remueyo* no bable occidental.

Outra variante isoléxica de moito interese da que xa falei antes e que é a resposta recollida nos puntos de fala galega enquisados en Zamora é *amoso* [a'moʃo] (en Z.3 [a'moʒo]); no glosario de C. García comprobamos a presenza de *amoso* “ubre de la vaca” na Mezquita e en Porto-Zamora, xunto con *amosar* “crecer la ubre de la vaca algún tiempo antes de parir” nos mesmos puntos e *amosar* ‘tirar o leite’ na Mezquita; A. Otero recolle *amojo* ‘ubre’ en Reguengo. Aparece *moxal* ‘ubre’ na fala do Alto Aller (bable central, véxase *DBA*). O *ALCL* (Mapa 483) recolle [a'moʃo] en Za 102, Za 103; [a'moxo] en Za 100, Za 300, Za 301, Za 302, Sa 100 e Sa 101; e [a'moŋxo] en Za 104. Como se ve, todas estas variantes galegas, asturianas e leonesas manteñen continuidade co tipo portugués *mojo* ~ *amojo* ~ *amonjo* e esténdeno polo norleste máis alá da fronteira portuguesa<sup>1</sup>.

No norte de León, Le.1 e Le.2, xorde *aleixo* [a'lejʃo], forma que tamén recollen Fernández González (1978: 196 e 198; 1981: 197) e A. Otero (Santamarina 2001, s.v. *alejo*). No *DBA* aparecen *llexar* e *allexar* no bable central co significado de ‘endurecerse ou aumentar o ubre cando a vaca vai parir’. Segundo Fernández González son derivados de LAXARE; A. Otero deriva *aleixo* de LACTEM, pero antóllasenos imposible.

Formas que resultan doutras extensións metonímicas diferentes son *faltriqueira* en C.46 e *curreallo* (pé de *ubre*) en O.12. Con relación a esta última cabe sinalar que C. García rexistra *correacho* “pliegue que forma la ubre de la vaca al estar seca” na Mezquita, *correola* en Gundín (coa mesma definición), *currial* “conducto venoso que lleva la leche a la ubre” en Santaia, *currial* “ubre seca” en Santa Comba, *correal* “ubre seca” en Santiago de Compostela; é evidente que todas estas formas proveñen de *correa* ‘tira de coiro’.


En todo caso, *ubre* é a forma máis común que aparece en galego, en castelán e nunha parte significativa do territorio portugués.

### 3. Soro

O traballo de Cintra móstranos que en case toda a metade norte de Portugal se emprega a palabra *soro* para o concepto ‘parte aquosa que se separa do leite, quando este se coagula ou quando se forma o queijo’; no centro de Portugal aparece *almécere* ~ *almícere* e no sur *almece* ~ *almice* (véxase Mapa 3a).

1 Como vemos, nestes puntos do occidente de Zamora e do noroccidente de Salamanca en que se recollen formas tipo *amojo* ‘ubre’, dáse a mesma distribución ca nas falas do leste, centro e sur de Portugal: *ordenbar* e *amojo* (coa excepción de Za 102, que presenta *amoso* e *muxir*).

Segundo nos mostran as respostas á *Cuest.* 1659 do *ALGa*, a palabra que máis comunmente se emprega para denominar en galego o 'líquido que aparece despois de callar o leite' é *soro* [ʃoro], aínda que aparece [ʃoro] en L.4, L.12, L.16, O.6, P.24, A.7 e Le.2, [ʃoro] en C.1 e C.27, [ʃor] en C.8 e derivados coma *sorón* en O.10, *desoradura* en Le.4 e *desora* en Z.2. Tamén aparece *suero*, fundamentalmente con [e], aínda que tamén se rexistren formas con [e] en P.25, P.31, P.32 e P.33; e recóllese tamén [sero] en L.37, posible resultado da redución do ditongo que aparece no castelanismo (véxase Mapa 3b).




Mapa 3a

Os investigadores do *ALGa* toparon tamén *auga* e derivados: *augadilla* en C.12, *aguacilla* en O.12, *agnadilla* en P.27 e Le.4, *agua* en C.49, *angua* en Z.3, *agua que descorre* en L.38, *auga do leite* en O.3, O.9 e O.28, *auga mazada* en O.23, *auga* en O.31. En P.15 recóllese o castelanismo *jugo*, pronunciado con *gbeada*: [xuxo]. Tamén se recolleu *leite de manteiga* en O.5.

En todo caso, as formas máis destacables xorden no galego de Asturias, onde se obtivo [bira] en A.2, A.4 e A.5. En Tineo aparece *bura* e en Luarca *bira* (véxase *DBA*). García de Diego nas *EE* dáo como resultado do latín

BUTYRUM a partir do grego *bútyron*, de onde sae tamén o *burro* do italiano, o *beurre* do francés ou o *butter* do inglés.




Mapa 3b

Polo tanto, a maior parte das falas galegas manteñen unha continuidade coas do norte de Portugal e co castelán, pois todas elas presentan resultados procedentes do latín ibérico \*SÖRUM, e non aparece a variante de orixe árabe *almece*.

#### 4. *Vaca que non empreña*

Cintra móstranos que todo o norte de Portugal e practicamente toda a fronteira con España emprega a palabra *machorra* para referirse ó concepto 'estéril'; aínda que existen espaxadas outras formas minoritarias (coma *machia*, *forra*, *sandeira*, *capoa*, *boieira* e *alfeira*), a variante maioritaria, estendida polo resto do territorio, é *maninba* (véxase Mapa 4a). Polo que ó galego se refire, un elemento que destaca na análise das respostas ás preguntas 1589 "machorra" e 1733 "égoa marzoa" do *ALGa* é a enorme riqueza dos datos recolectados, i.e., a cantidade de variantes isoléxicas que os investigadores rexistraron. Tamén destacan os numerosos correntos metonímicos, de modo que non só é posible que un mesmo significado teña diferentes signi-

ficantes segundo o dialecto, senón que tamén significados diferentes (tales coma ‘femia que empreñaba antes e agora non’, ‘femia que nunca empreñou’, ‘femia que agora non está preñada’) poden ser expresados cun significante formalmente idéntico en dialectos diferentes: *selleira* significa en L.1 e en C.13 ‘que non ten cría’, mentres que en C.5 significa ‘que non empreña’. Por estas razóns non sempre é fácil sistematizar os datos. Podemos adiantar, en todo caso, que as tres principais variantes recollidas para o significado ‘que non empreña’ son tres: *marroa* [ma’roa], *maronda* [ma’ronda] e *machorra* [ma’jora] (véxase Mapa 4b).



Mapa 4a

#### 4.1. Marroa, verroeira, maronda vs. machorra

Como se pode apreciar no Mapa 4, as formas *marroa*, *verroeira* e *maronda* ocupan o noroeste de Lugo, practicamente toda a Coruña e puntos do norte de Pontevedra. Pola contra, *machorra* ocupa todo o territorio restante: o galego exterior, o leste e o sur de Lugo, Ourense e Pontevedra (os numerosos datos que achega C. García corroboran claramente esta distribución) e ten continuidade no territorio portugués antes sinalado (Helena Pousa, *vid.*

*infra*, neste volume, recolle *maré machorra* aplicado a “unha marea [que] non produce peixe” en Vilanova de Cerveira).



Mapa 4b

Agrupamos *marroa*, *maronda* e *verroeira* fronte a *machorra* por representaren, ó noso xuízo, tres das primitivas variantes “locais”, hoxe acobilladas no noroeste por mor da entrada da forma iberorrománica central *machorra*. Como iremos vendo, mentres que en Portugal o “castelanismo” *machorra* entrou en competencia coa primixenia *maninba*, a penetración de *machorra* en Galicia supuxo unha competencia cun número superior de formas preexistentes: non só *maniña* ~ *mania* (cognados da portuguesa *maninba*), senón tamén *maronda*, *marroa* e outras. Deste xeito, é posible supor que, ó contrario do que levamos visto, e con respecto ás denominacións deste concepto, antes da penetración de *machorra* non existía unha continuidade perfectamente clara entre as falas portuguesas e as galegas.

Segundo Cintra (p. 72), *machorra* [maˈtʃora] resulta dun derivado da palabra *macho*, proveniente do latín MASCULUS, á que se lle engade o sufixo prerromano *-orra*. No territorio lingüístico galego, a carón de *machorra* encontramos outros derivados de *macho*: *machón* en O.12 (ó lado de *machorra* “ó sacarlle a cría”), *machoeira* en P.27, *marimacho* en L.34 e O.1, *macho* en O.12. En todo caso, a existencia dunha illa coma a de *maronda* (a forma recollida é [maˈroa], con raíz [mar]-, non [maʀ]-) en L.32 mostra algún resto das formas antigas ante o avance de *machorra*. Baixo a lenda *machorra* acollemos a forma máis común *machorra* e a variante *amachorrada* de P.29.

Baixo a denominación *marroa* agachamos unha grande diversidade formal: [maˈroa], [moˈroa], [maˈrɔa], [maˈroːjra], [maˈlroa], [maˈlrua], [maˈlua], [maˈnua], [moˈnua], [maˈθɔa], [maˈrɔnda] (posible cruzamento con *maronda*). As formas con vocal tónica alta [u] agrúpanse todas arredor da ría de Muros e na ladeira norte da serra do Barbanza: C.37, C.38, C.41, C.43, C.45 e C.49. As formas con [lɾ] ou [rɫ] explícanse dentro da fonética histórica da lingua galega se recordamos as variantes coma *alritar* ‘irritar’ ou *alrotar* ‘arrotar’; formas con [rn] ou [rθ] quizais sexan cambios secundarios a partir das formas con [rl].

A variante *maronda* [maˈrɔnda] é máis uniforme e só se observan mínimas variacións: [maˈrɔnda] en C.9 e [maˈroa] en L.32<sup>1</sup>.

Baixo a etiqueta *verroeira*, forma que desce de VERRES por medio do derivado *verrón* ‘porco semental’, agrupamos as formas que se localizan no punto máis noroccidental da provincia da Coruña: [beruˈejra] en C.12 e C.13; [aβuruˈejra] en C.18. En Razo documéntase *verroeira* “hembra no preñada”; evidentemente relacionadas con estas están a forma *verronda* “que está en celo” recollida por Pintos e a expresión “andar na *vorroalla* as cabras: andar en celo” que presenta Leiras Pulpeiro, ou *verroallo* ‘cheiro do gando lanar e cabrún en celo’ (véxase Santamarina 2001).

Tanto *machorra* coma *verroeira* teñen unha explicación etimolóxica ben clara; non é este o caso de *marroa* e *maronda*, relacionadas cos casteláns *morueco* ~ *marueco* ou co portugués *maroto* (véxase o desacordo de Corominas e Pascual no DCECH con García de Diego nas EE e no DEEH). Para nós, *maronda* resulta un derivado claro de MAREM ‘macho’ ó que se lle engadiu o sufixo -BUNDA (seguindo a García de Diego) e *marroa* quizais derive dun cruzamento entre *verrón* (< VERRES) e a raíz *mar-* (< MAREM) de *marón* (ma-

1 Cándido de Figueiredo (1899) recolle *maronda* ‘ovelha que leva ao macho’ e García de Diego (nas EE) recolle *marrionda* en Asturias e *morionda* ~ *murionda* en Soria co significado de ‘oveja en celo’.

cho ‘sen castrar’), *maronda*, etc<sup>1</sup>. Cremos que o feito de que *maronda*, *marroa* e *verroeira* aparezan no mesmo espazo e de que o territorio ocupado por *marroa* se sitúe entre a área de *maronda* e de *verroeira* reforza esta hipótese.

#### 4.2. Maniña ~ manía

Como xa dixemos, *maninba* é a forma portuguesa tradicional para referirse á ‘vaca que non empreña’; coma no caso do galego, esta forma foi substituída en parte do territorio portugués pola variante centropeninsular *machorra*.

Os cognados galegos correspondentes ó portugués *maninba* son *maniña* [mãˈɲiɲa] e *manía* [mãˈɲia], coa distribución dialectal que lles corresponde en galego ós descendentes da terminación latina -INA que figura no seu étimo \*MANNINA (véxase *ALGa II*, Mapas 91 e 93).

Sen embargo, *maniña* ~ *manía* remite en galego, polo menos, a dous conceptos distintos, segundo o dialecto: como resposta á pregunta 1590 ‘baleira’ do *ALGa*, aparece *maniña* ~ *manía* co significado ‘que non está preñada’ en A.1, A.2, A.3, L.8, L.9, L.19, L.29, L.31, C.47, P.14, P.19 e O.2 (coa excepción de L.9, zonas de *machorra*); con este significado tamén a recolle C. García en Oirós, Valadouro, Ramirás, A Gudiña, Cedofeita, Burón, Suarna e Pedrafitá (terras que xeralmente tamén empregan *machorra*). Pola súa parte, nos dicionarios clásicos do galego (véxase Santamarina 2001) *maniña* significa ‘que non empreña’ e con este significado tamén aparece *maniña* ~ *manía* nalgúns puntos do territorio lingüístico galego: conviven *maniña* ~ *manía* e *machorra* en L.33, O.15, P.10 e A.7; en L.2 e L.5 *maniña* coexiste con *maronda*; en L.29 só aparece *manía*, cos significados ‘que non empreña’ e ‘que non está preñada’; e en A.7 tamén recolle estes dous significados. Estes correntos semánticos son moi comúns e aparecen de contínuo. Precisamente a existencia de *manía* en L.29 coma outra illa similar á de L.32 con respecto a *maronda* permite mostrar restos da situación anterior á penetración de *machorra*. Deste modo, é posible que a extensión de *maniña* na antigüidade tivese continuidade no territorio portugués, continuidade que foi á vez crebada e creada pola entrada de *machorra*.

#### 4.3. Outras denominacións

Sexa como for, a descrición precedente non esgota aínda a realidade dos datos, que resulta ben máis complexa. Ciscadas por aquí e por acolá aparecen máis formas que pasamos agora a enumerar.

1 O apéndice ó dicionario de Eladio Rodríguez (véxase Santamarina 2001) recolle en Lemos *marondo* ‘íntegro, refiriéndose a un animal macho, especialmente el cerro y el buey’ (por íntegro enténdase ‘sen castrar’).

Existe un grupo de variantes léxicas que relacionan a esterilidade co apetito sexual. Isto é claro en denominacións coma *puta* en C.28, L.30, L.33, O.3, O.18, O.25 e Le.3; *que anda de puta* en L.29 e O.14; en P.1 emprégase *touronda*, forma que noutras partes do territorio serve para aludir á femia ‘que está en celo’ (véxanse as respostas á *Cuest.* 1587 *vaca touronda* do *ALGa*). No fondo, relacionadas semanticamente con estas deben estar *maronda*, *marroa* e *verroeira*, pois todas tres proveñen de formas que aludían ó macho en celo ou ó macho non capado.

Tamén se relaciona a esterilidade coa masculinidade formas coma *touroa* de L.15, *tourona* de C.44, e *atorada* de L.39, que se vencellan semanticamente con *machorra*, *machón*, *machoeira*, etc. Existen apelativos referidos á incapacidade de concibir: *mula* (aplicado a ‘egua que non empreña’ en L.6); *capona* en O.1, O.20 e O.25. Denominacións orixinadas polo posible influxo da lúa: *aluada* en L.32 e O.28; *lueira* en P.5; *luega* en Le.2; e *alunada* en L.39; esta motivación tamén aparece en puntos de Castela-León (*lunera* en Bu 302, Va 502, Za 101, Za 301, Sa 103, Sa 200 e Sa 203; *luniega* en Sa 103), onde a forma “de mayor difusión” é *machorra* (*ALCL*: 930, mapa 841).

Interesantes son as variantes tipo *senlleira*, descendentes de SINGULARIA. Recóllense en C.5 e C.8 [se'kejra], sinónimo de [ma'ronða], en L.25 [si'kejra] “cando non empreña moito tempo despois de tida a cría”, en C.11 [sen'kejra], en L.18 [θin'kejra], en L.26 [se'kejra] co mesmo significado ca [ba'lejra] e distinto có de [ma'tjora]. Como se ve, aparecen no norte, son formalmente idénticas ás que noutros dialectos serven para expresar o significado ‘que non está preñada’ (véxase a cuestión 1590 do *ALGa* e C. García en Santamarina 2001) e volven a mostrarnos os corrementos metonímicos de que vimos falando desde o inicio.


Existen, en todo caso, outras denominacións moi minoritarias coma *escueta* en L.18, *boleira* en O.26 (variante de *baleira* ‘que non está preñada’), *estéril* en L.8, *tenreira* e *libre* en L.16, *agachada* en L.21, *corrida* en O.26...; e outras denominacións analíticas: *que non dá crías*, *que non empreña* en C.10, L.8, L.31 e L.34, *que non agarra* en L.29, A.3, A.5 e A.6 e *que non alcanza* en P.8.

En definitiva, vemos que o territorio galego presenta unha gran riqueza de formas, e que esta riqueza xa era alta antes da entrada da forma central *machorra*.

##### 5. Cría da ovella


As formas máis comúns que se recolleron no *ALGa* como respostas á pregunta 1608 do cuestionario foron *año* [año], *cordeiro* [korðejro] e *carneiro* [karnejro] (Mapa 5b). A primeira é a que se rexistrou en máis ocasións e tamén a que ocupa unha área territorial maior. A resposta *cordeiro* enche unha faixa que se sitúa no territorio de fala galega máis oriental: parte do Princi-

pado de Asturias, algúns puntos da provincia de Lugo próximos, a zona do Bierzo leonés e o tercio occidental da provincia de Ourense. A forma *carneiro* só constitúe unha área compacta no extremo suroccidental da provincia de Pontevedra, aínda que se rexistrou tamén noutros puntos illados e case sempre como forma secundaria. Respecto do valor co que se empregan estas voces e atendendo ó texto recollido nos cuestionarios, os símbolos do mapa representan as denominacións que se deron como primeira resposta á pregunta ‘cría da ovella’. Nalgúns dos puntos en que se recolleu como primeira resposta *año*, utilízase *cordeiro* ou *carneiro* para o animal de máis de seis meses ou dun ano. Cando a primeira resposta dada é *cordeiro*, é a voz *carneiro* a empregada de xeito máis habitual para darlle nome á cría de maior idade<sup>1</sup>. Deixo fóra deste comentario e sen representación no mapa as voces *perica*, *perico* e *ovella*, xa que sempre que aparecen consignadas no cuestionario é para facer referencia a animais adultos.



Mapa 5a

1 A diferenciación de idade entre os distintos nomes que sinalan os informantes é moi variable: “ata os dous ou tres meses”, “ata os seis meses”, “ata o ano”, “mentres non vai ó monte”, “en canto non paire”, “novo” (para *año/cordeiro/carneiro*); “ó ano”, “desde que ten cría”, “desde que vai ó monte”, “vello” (para *cordeiro/carneiro*).



Mapa 5b

As orixes de *año* e *cordeiro* foron sinaladas con detalle por Cintra e Rohfls. A voz *año* provén do vocábulo latino para denominar a cría da ovella (AGNUS). Os descendentes desta voz rexístranse hoxe en dúas zonas periféricas da Romania occidental (oeste peninsular —Galicia e Portugal— e Italia meridional). No portugués, como se aprecia no mapa de Cintra (Mapa 5a), é voz norteña e considerada hoxe polos dicionaristas como rexionalismo. Nos lugares en que se rexistrou esta forma no territorio de fala galega utilízase sempre co significado de ‘cría da ovella ó nacer’. Nalgúns puntos recolléronse variantes sufixadas: *añagoto*, *añiño*, *añico*, *añego*, *añín*, *añigote*. *Cordeiro* é un vocábulo derivado do lat. CORDUS, adxectivo que se aplicaba en principio ós animais e plantas nacidos tardiamente (AGNUS CORDUS). Segundo o *DCECH* esta voz puido empregarse primeiro para denominar a carne e a pel do animal e máis tarde para darlle nome a este. A homonimia de *año* (de AGNUS e tamén de ANNUS) explica para este estudioso o triunfo e fortuna de

*cordero* en castelán e xustifica a conservación das dúas voces en portugués. *Cordeiro*, ou algunha das súas variantes (*cordeirín*, *cordeiriño*, *curdeirolo*), rexistrouse como forma única na zona máis oriental da área lingüística galega; nuns poucos puntos recolleuse como segunda resposta despois de *año*, na maioría dos rexistros como sinónima e outras veces como denominación para a cría máis vella.

A voz *carneiro* recolleuse como resposta única en seis puntos da provincia de Pontevedra (P.24, P.28, P.29, P.30, P.31 e P.32). Non resultan doadas de xustificar estas respostas, xa que *carneiro* é a denominación máis común en todo o galego para o macho da ovella adulto. Nos cuestionarios do *ALGa* aparece consignada noutros puntos, pero sempre coa indicación de que é nome para o animal de máis dun ano. En moitos casos *año* é o nome que recibe a cría ('ata un ano') e *carneiro* a voz para o animal adulto macho. Deriva do latín *CARNARIUS* (*DCECH*) e co valor de macho da ovella é palabra común a galego, portugués e castelán (*carnero*).

Como se pode observar nos mapas, as áreas de *año* e *cordeiro* galegas encontran continuidade no territorio portugués. Pola súa distribución cabe pensar, como supón Cintra, que *año* é a voz máis antiga e que se viu desprazada, posiblemente xa desde antigo, por *cordeiro*. Esta mudanza foi consecuencia da expansión desde o centro da Península da forma que en castelán solucionaba a hominimia dos derivados de *AGNUM* e *ANNUM*<sup>1</sup>. A denominación galega *carneiro*, que posiblemente como consecuencia dunha extensión significativa se pasou a utilizar nalgúns lugares como sinónima das anteriores, non se testemuña en portugués. Pola súa banda, da forma común ó portugués meridional e ó castelán *borrego* (de *borra* 'la grosa' < lat. *BURRA*) non se encontrou ningún testemuño<sup>2</sup>.

En O.2 e como forma sinónima a *año* rexistrouse *carruxo* ([ka'ruʃo]). Varios dicionaristas galegos testemuñan a súa existencia noutros lugares cos significados de 'cría da ovella' (E. Rivas recolleo en Frades e en Fondo de Vila como 'carneiro vello'; C. García en Pantón; E. Rodríguez en Monforte e Lán cara; Santamarina 2001 s.v. *carruxo*) e 'cría do porco'. Para a súa etimoloxía pódese tomar como moi atinada a hipótese do *DCECH*, que a pesar de indicar que é voz de orixe incerta, supón para o castelán *encarrujarse* ("retortirse, ensortijarse") unha relación cun derivado do latín *ROTULA* ('roda


1 No *ALCL* pódese comprobar que *cordero* e *cordeiro* se estenden por boa parte das provincias de León e Zamora (Mapa 497).

2 Si se consignou como resposta á pregunta 1626 "cordeiro de un a dous anos": *borrego* en O.18, O.21, O.24, Le.4, Le.5, Z.1, Z.2 e Z.3 e *borro* en L.22. O primeiro dicionario da RAG e o lexicógrafo Eladio Rodríguez (Santamarina 2001 s.v. *borrego*) recollen a voz, no primeiro coa definición "el cordero que no ha llegado a un año" e no segundo dando como correspondente o castelán *cordero* e advertindo que a designación máis común en galego é *año*.

pequena). A motivación sería semellante á do devandito *borrego* e atopa confirmación no galego *encarruxarse* ‘retorcerse o pelo’: os años, sobre todo o naceren, presentan o pelo crecho. Non encontramos rexistros desta voz nos dicionarios portugueses.

#### 6. Cría da cabra

A distribución na carta das formas correspondentes á pregunta 1637 “cría da cabra” non permite delimitar con claridade áreas compactas (Mapa 6b).



Mapa 6a

As tres respostas máis frecuentes son *cabrito*, *cabuxa* e *chiba*. *Cabrito*, forma estendida por todo o territorio, ten a súa orixe no lat. tardío CAPRITUS

1 Rexistráronse variantes de tódalas formas en maculino e en feminino e con sufixación: [ka'βrito], [ka'βrita], [kaβri'tiño], [ka'βirto], [ka'βirta], [ka'βufo], [ka'βofo], [ka'βuiffo], [kaβu'fiño], [kaβu'fiña], [kaβu'fiña], [t'iβa], [t'iβiño], [t'iβaro] e [t'iβiña]

(participio de CAPRIRE ‘parir a cabra’). Nos lugares en que se recolleron ademais algunha das outras respostas, *cabrito* resérvase sempre para denominar a cría nova (‘ó nacer’, ‘ata os seis meses’, ‘ata o ano’, ‘ata que non crían’, ‘ata os dous anos’). A voz *cabuxa* consígnouse por todo o territorio con distinta frecuencia e parece ser forma máis usual nas provincias da Coruña e Pontevedra. Polas anotacións dos cuestionarios das preguntas 1637 e 1639 “cabra, cabuxa” comprendemos que nos puntos destas dúas provincias en que se recolleu como primeira ou única resposta emprégase *cabra* como nome xenérico e para o animal femia adulto e *cabuxa* para a cría; nos outros lugares utilízase habitualmente como sinónimo do xenerico *cabra*. Sobre a orixe de *cabuxa* non hai total acordo entre os estudiosos. Algúns investigadores relacionan a voz con *cabra*, sen clarexar a súa evolución e composición. Outros cren que é forma vinculada a CAPPÁ a través dun derivado no árabe hispano *kanbux*. Corominas e Pascual (DCECH) ó tratar *cabuxo* e *encabuxarse* dubidan da relación destes vocábulos con *capuz* e CAMBUJ e propoñen, sen moita convicción, un cruzamento entre *cabuzado* e *enoxado*. A voz *chibo* é a menos común das tres e rexístrouse en puntos illados do territorio<sup>1</sup>. Segundo manteñen a maioría dos estudiosos, foi en orixe forma expresiva para chamar polo animal (DCECH). Das tres formas consignadas só *cabrito* se emprega exclusivamente para denominar o animal que aínda non é adulto. *Cabuxa* e *chibo* úsanse de xeito máis común como nome do animal adulto (1639 “cabra, cabuxa”), o que permite entender que como resposta á pregunta que nos ocupa abundan os derivados diminutivos.

O predominio de *cabrito* no territorio galego e a súa distribución en Portugal (Mapa 6b) lévannos a acordar con Cintra que é forma antiga, mentres que *chibo* e *cabuxa* semellan ser innovacións. A repartición de *chibo* en Portugal permítelle a Cintra afirmar que o seu foco de irradiación está ó leste da fronteira política portuguesa<sup>2</sup>. A escasa e aleatoria ocorrencia desta denominación en galego non permiten aventurar hipótese sobre a súa procedencia.

1 Como advirte Cintra, a voz *chibo* non a rexistran a maioría dos dicionarios galegos. E. Rodríguez inclúe *chivo* como ‘castrón’ e *chiva* como ‘cabrita, cabra pequena’, tamén a recollen E. Rivas (*chivo* ‘macho cabrío e *chiva* ‘cabra’) e C. García (*chibo* ‘castrón e *chiba* ‘chiva’) (Santamarina 2001 s.v. *chivo*, *chiva*, *chibo* e *chiba*).

2 En León, segundo os datos do ALCL, a forma máis comúns é *cabrito* (Mapa 508).



resposta secundaria nuns poucos lugares limítrofes dos anteriores, especialmente na provincia de Lugo. O terceiro grupo de respostas consignadas no cuestionario constitúeno *paolla* e variantes. Aparecen estas últimas no territorio asturiano e nun punto lindante da provincia de Lugo. A etimoloxía de *mazaroca* non está establecida de xeito definitivo. Xa Sarmiento discutira a orixe árabe formulada por Covarrubias, ó parecerlle que esta, coma as outras voces pertencentes á “Historia Natural”, debía ser vocábulo primitivo e fundamental nunha lingua<sup>1</sup>. Para o estudioso berciano *mazaroca* ascendía do “puro latín” MASSA, coa significación de *maza* que xa se rexistra no latín vulgar. Tamén Meyer-Lübke a xulga voz de procedencia latina a partir dos elementos *maza* e *roca*. Con poucas modificacións seguen ó filólogo suízo Leo Spitzer (*mazo* + os sufixos *-ar* e *-oco/a*) e García de Diego. Á tese latinista oponlle o DCECH reparos fonéticos que o conducen a retomar o camiño sinalado por Covarrubias e a defender unha ascendencia árabe. No DCECH suponse un cruzamento entre o árabe *masura* e o portugués *roca* (para o port. *maçaroca*) ou o castelán *horca* (para o cast. *mazorca*)<sup>2</sup>. *Paolla* e as súas variantes son formas con orixe no lat. vulgar PANUCULA, diminutivo de PANUS, que tiña como significado máis común en latín o de ‘novelo de fio que se pon na roca’, pero que xa se utilizaba tamén para denominar a espiga dos cereais. Tanto *mazaroca* como *paolla* foron en orixe denominacións para o conxunto de liño que se poñía dunha vez no fuso<sup>3</sup> e que ampliaron o seu uso para dar nome a outras realidades semellantes<sup>4</sup>, entre elas a espiga do millo.


1 “Entro con gusto en este género de averiguaciones [a explicación de voces castelás e galegas de vexetais] porque debo saber en conciencia, según el texto del Génesis, que los nombres de la Historia Natural, v.g., *animales, peces, aves, testáceos, insectos, árboles, plantas, yerbas, metales, fósiles, piedras, conchas*, etc., son y deben ser los vocablos primitivos y fundamentales de una lengua; no los vocablos de los entes sin substancia, que fingió la fantasía (y en su fantasía) del hombre.” (Sarmiento 298). A. Otero tena por voz derivada do verbo *mazar*. E. Rivas descarta que sexa arabismo e defende que se trata dun derivado de *maza* co sufixo *-ara* (*mázara*) e o sufixo despectivo *-oca* > *mazaroca* (Rivas: 171-172).

2 Parecen confirmar a orixe árabe as observacións feitas polo arabista Corriente “del and[alusí] *mas/úsruqa* o *ma/úsruqa*, hibridación del neoár[abe] *masūrab* ‘tubo’ < neop[ersa] *masure*, con el sufijo rom[ance] adjetivo {+IKA} con el sentido primero de ‘(hilo) de tubo’, o sea, enrollado en el canuto” (p. 369, s.v. *maçaroca*).

3 Con este significado *mazaroca* é forma común en todo o territorio galego (pregunta 1121 ‘mazaroca’ do ALGa).

4 En galego rexístrase *mazaroca* tamén como nome da flor da cebola, da bugalla do carballo, do rabo da raposa e do óso da froita (Santamarina 2001 s.v. *mazaroca*). No DALA recóllense como definicións de *panoya* “fruto do miyo”, “flor do castiñeiro”, “piña del piñeiro” e “parte do rabo da vaca”.

Pola distribución semella que *espiga* é a forma que primeiro se empregou en galego para darlle nome ó froito deste novo cereal traído de América e que se foi difundindo desde occidente ó par que se estendía o cultivo do millo (*gr.* colaboración de R. Álvarez). *Paolla* e *mazaroca* son voces introducidas desde o oriente para a denominación da espiga do millo. A primeira ten como cognados correspondentes unha serie de formas comúns a toda faixa setentrional peninsular (*panoya* do asturiano, *panolla* do aragonés e *panoja* do castelán de Cantabria, Rioja e da metade meridional de Navarra). A área da denominación *mazaroca* ten a súa continuación no territorio leonés, en Extremadura e no occidente de Andalucía. As áreas dos dous tipos máis comúns en galego, *espiga* e *mazaroca*, encontran a súa continuación no territorio portugués (Mapa 7a).



Mapa 7a



Mapa 7b

8. *Queixo*

O último conxunto de formas que analizamos é o que se recolleu como designación da parte dianteira e máis prominente da mandíbula inferior das persoas (*ALGa Cuest.* 2115 “queixo”). Os catro tipos básicos son *queixo*, *barba*, *bico* e *papo*. *Queixo* e as súas variantes son as formas máis espalladas, pois ocupan unha área continua que abrangue a metade occidental do territorio (a provincia de Pontevedra, a maior parte da provincia da Coruña e os puntos máis ó oeste das de Ourense e Lugo). O segundo tipo máis frecuente é *barba*, que se estende pola metade oriental da provincia de Lugo, os puntos asturianos e leoneses e a comarca ourensá de Valdeorras. A denominación *papo* recolleuse nunha área con forma de lingua que desde os puntos zamoranos e a metade suroriental da provincia de Ourense se espalla polo centro ata os límites con Pontevedra e Lugo. A extensión do tipo *bico* coincide coa

1 As variantes rexistradas foron: [barβa], [barβela], [barβa'ðela], [barβa'ðeja], [barβa'rote], [balβa'rote], [barβi'rote], [balβi'rote], [barβe'rote], [barβari'ute], [parpari'ute], [kei'fo], [kej'elo], [papo], [papi'rote], [biko].


área que na dialectoloxía galega se denomina mindoniense (Fernández Rei 1990: Mapa 40) e que corresponde aproximadamente na súa extensión coa diocese de Mondoñedo-Ferrol. Na representación do Mapa 8b advírtese que os catro tipos presentan unha distribución en áreas bastante homoxénea, ademais pódese apreciar a continuidade das áreas entre as formas meridionais galegas e as setentrionais portuguesas (Mapa 8a). Seguindo a análise proposta por Cintra para o portugués, a extensión e distribución de *queixo* parecen indicar que no territorio galego é palabra antiga (lat. CAPSA > CAPSEUS ‘semellante a unha caixa’). Posiblemente nun inicio deu nome só á mandíbula inferior ou ás dúas mandíbulas e posteriormente, xa na época medieval, nomeou o extremo externo e agudo da queixada inferior<sup>1</sup> (*DCECH*). Os outros tres tipos son designacións máis modernas no territorio lingüístico galego. *Barba* (lat. BARBA ‘pelo da barba’) supón o *DCECH* que foi o nome máis común e antigo na Rumania para chamarlle á parte inferior do rostro. As variantes deste tipo son todas formas derivadas con sufixos diminutivos, a máis común e con distribución máis compacta é *barbarote*. As dúas formas restantes son menos frecuentes. Estendida por case toda a área que se denomina mindoniense rexístrase a forma *bico*. Segundo o *DCECH* é voz con orixe no celta BECCUS ‘pico das aves’ que tamén deixou restos en Francia e Italia. Este vocábulo emprégase noutros lugares de Galicia para denominar o fociño, a parte saínte debaixo do nariz de animais e persoas, ademais de para darlle nome ó peteiro das aves. A cuarta forma é *papo*, vocábulo relacionado na orixe co latín PAPPÁ ‘comida’; en moitos falares galegos esta forma emprégase para darlle nome ó avultamento que se lles forma ás persoas entre a queixada e o pescozo, ás meixelas, ó bocio e a outras partes avultadas e carnosas do corpo (pernas, brazos, palma da man, etc.) (Santamarina 2001, s.v. *papo*). A historia destas palabras e as súas significacións actuais en galego móstrannos que todas elas sufriron un cambio metonímico semellante e que é compartido con outros termos que dan nome ás distintas partes da cabeza.

Para o portugués Cintra rexistra representación de tres tipos: *queijo*, *barba* e *papo*. A forma máis común do portugués, *queijo*, atopa continuidade na faixa occidental galega de *queixo*. O tipo *papo* forma tamén unha área continua, aínda que ocupa unha extensión maior no territorio galego ca no portugués<sup>2</sup>. Para a forma *barba* non encontramos continuidade entre as áreas galegas e as portuguesas, pero si na área lingüística do leonés e do castelán como

1 No castelán máis occidental de Andalucía e en Canarias aínda se rexistran as voces *quejo* e *quejada* para denominar a mandíbula de animais e persoas (vid. Alvar).

2 En Portugal recóllese unicamente en catro lugares de Trás-os-Montes (Cintra: 88)


dá conta o *ALCL*. Quizais debamos supoñer que a conexión entre as dúas zonas se encontre no territorio lingüístico castelán, na comunidade de Castela e León.



Mapa 8a

En A.1 e Le.1 recolleuse *perilla* e en C.7 *pera*, como segunda resposta; estas formas relaciónaaas o *DCECH* co lat. *PIRA* 'pera'. En C.34 *carrillo* e en C.21 e C.24 *carrño*; o castelán *carrillo* significou antigamente 'queixada' e, aínda que a súa etimoloxía é discutida, adoita aceptarse a hipótese de L. Spitzer que relaciona esta voz con *carro* (polo movemento das queixadas ó comer). En L.26 rexistrouse como segunda resposta *beche*, forma que tamén recollen os dicionarios galegos coa acepción máis común de 'barba da cabra' (Santamarina s.v. *beche*). Aníbal Otero supón que esta palabra provén do hispanolatino *IBEX*.

1 As formas máis comúns en León, Zamora e Salamanca son todas derivadas de *barba* (*barba*, *babirote*, *balbarote* e *barbilla*) (*ALCL*, Mapa 662).



Mapa 8b

### 9. Conclusións

Cando comezamos este traballo, expuxemos que os nosos obxectivos eran dous: comprobar se o estudo da distribución das denominacións deses conceptos permiten establecer áreas lexicais dentro do dominio galego e se as falas galegas manteñen continuidade coa área que Cintra localiza no norte de Portugal. As conclusións que agora presentaremos responden estas dúas preguntas. En primeiro lugar, os conceptos empregados non permiten, no caso do galego, establecer ningún tipo de área lexical, fóra de que a zona nororiental se mostra sempre máis diferenciada. En segundo lugar, a pesar de que se verifica unha continuidade entre as formas rexistradas aquí e alén Miño, as falas galegas non crean áreas léxicas xunto coas portuguesas que as opoñan, en bloque, ás falas do centro da Península; as formas comúns ó galego e ó portugués existen nas falas do centro da Península, de modo que o galego non conforma máis ca un esteo no contínuum lingüístico que se

estende por todo ó norte da Península. Máis aínda, non se aprecia no caso galego unha coincidencia entre a distribución de fenómenos fonolóxicos e morfolóxicos, dun lado, e as áreas lexicais, do outro, como si acontece na área portuguesa. Por outra parte, a distribución dalgunha das variantes autorízanos a dicir que, xeralmente, galego e portugués recibiron innovacións léxicas semellantes do centro da Península a través das falas orientais (*machorra, mazaroca, cordeiro, barba...*).

É claro que estas conclusións dependen dos criterios léxicos establecidos por Cintra; non saberíamos dicir qué acontecería se os campos léxicos estudados foran outros.

#### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALCL = M. Alvar (1999): *Atlas Lingüístico de Castilla y León*. Salamanca: Junta de Castilla y León.
- ALGa = Instituto da Lingua Galega: *Atlas Lingüístico Galego*.
- Alvar Ezquerro, M. (2000): *Tesoro léxico de las hablas andaluzas*. Madrid: Arco/Libros.
- Carvalho, H. de (1953): *Coisas e palavras*. Coimbra: Universidade de Coimbra.
- Cintra, L. F. Lindley (1983): “Áreas lexicais no territorio português”, en *Estudos de dialectología portuguesa*. Lisboa: Sá da Costa, 55-94.
- Corriente, F. (1999): *Diccionario de arabisismos*. Madrid: Gredos.
- DALA = Academia de la Llingua Asturiana (2000): *Diccionariu de la Llingua Asturiana*. Uviéu: ALIA.
- DBA = J. Neira e M. R. Piñeiro (1989): *Diccionario de los bables de Asturias*. Oviedo: Principado de Asturias / IDEA.
- DCECH = J. Corominas e J. A. Pascual (1980): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.
- DEEH = V. García de Diego (1954): *Diccionario etimológico español e hispánico*. Madrid: Saeta.
- DELP = J. P. Machado (1971): *Dicionário etimológico da língua portuguesa*. Lisboa: Livros Horizonte.
- Díez Suárez, M. S. (1994): *Léxico leonés*. León: Universidad de León.
- EE = V. García de Diego (1964): *Etimologías Españolas*. Valencia: Aguilar.
- Fernández González, J. R. (1981): *El habla de Ancares (León)*. Oviedo: Universidad.
- Fernández González, J. R. (1978): *Etnografía del Valle de Ancares: estudio lingüístico según el método palabras y cosas*. Santiago de Compostela: USC.
- Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía galega*. Vigo: Galaxia.
- Fernández Sevilla, J. (1975): *Formas y estructuras en el léxico agrícola andaluz*. Madrid: CSIC.
- Figueiredo, C. de (1996<sup>5</sup>): *Dicionário da língua portuguesa*. Venda Nova: Bertrand.
- Meyer-Lübke, W. (1923): “Garbel almiar, mazorca”, en *RFE* X, 395-396.
- Piel, J. (1953): *Miscelánea de etimología portuguesa e galega*. Coimbra: Universidade, 217-218.

- Rivas, E. (1992): *Tear, tecido e complementos*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense.
- Rivas, E. (1996): *Millo e bórreo. Legumia e cestos*. Santiago de Compostela: Laivento.
- Rohlf, G. (1960): *Diferenciación léxica de las lenguas peninsulares*. Madrid: Instituto M. de Cervantes.
- Santamarina, A. (1974): *El verbo gallego*. Santiago de Compostela: USC.
- Santamarina, A. (ed.) (2001): *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: ILG / Fundación P. Barrié de la Maza.
- Sarmiento, M. (1970): *Colección de voces y frases gallegas*. Ed. e estudio de J. L. Pensado. Salamanca: Universidad.
- Spitzer, L. (1925): "Notes etymologiques", en *RFE* XII, 245-248.